



2016

# As bibliotecas e a súa historia:

## Dos almacéns documentais ás bibliotecas escolares

Traballo de Fin de Grao

Facultade de Ciencias da Educación

Universidade de Santiago de Compostela



GRAO EN PEDAGOXÍA ANO 2015/2016

Xullo 2016

AUTORA: [Lucía Lavandeira García](#)

TITORA: [Almudena Alonso Ferreiro](#)



**As bibliotecas e a súa historia:**

**Dos almacéns documentais ás bibliotecas escolares**

Las bibliotecas y su historia:

De los almacenes documentales a las bibliotecas  
escolares

Libraries and its history:

Documentaries stores to school libraries

## Índice

1. Introducción	p. 1 – 2
2. Definición do obxecto de estudo	p. 2 – 7
3. As primeiras bibliotecas	p. 7 – 10
4. As bibliotecas de España vs. Internacionais (sec. XIII-XX)	p. 11 – 15
5. As bibliotecas escolares en España: os inicios (sec. XIX)	p. 15 – 17
6. As bibliotecas escolares en España: o apoxeo e estabilización (século XX)	p. 17 – 21
7. As bibliotecas escolares en España: o período democrático actual	p. 21 – 24
8. Conclusións e expectativas como futura pedagoga	p. 24 – 27
9. Bibliografía	p. 28 – 30



## **As bibliotecas e a súa historia: dos almacéns documentais ás bibliotecas escolares**

*Libraries and its history: documentaries stores to school libraries*

### **Resumo**

No presente traballo exporase unha visión histórico – pedagóxica do nacemento e evolución das bibliotecas, tanto a nivel mundial coma, máis concretamente, español. Asemade, terase en conta a aparición das denominadas “escolares”, dándolle especial importancia aos acontecementos sociais que promoveron o seu nacemento. Non se debe esquecer a clara influencia que supón para as bibliotecas a aparición da escritura, a súa evolución, técnicas, o libro, a imprenta ou, un dos aspectos máis importante, a progresiva igualdade entre os estratos sociais. As bibliotecas son fondos culturais inesgotables dos que apenas se ten falado ate o momento; constitúen un papel fundamental na evolución dos nosos antepasados e na nosa propia, aportando información de índole histórica e visual que non se pode esquecer coidar e cultivar nas futuras xeracións. Neste informe, plasmarase a evolución desde a primeira das bibliotecas, Ebla, ate os nosos días, dando claro exemplo da importancia dentro dos pobos, así coma unha conclusión acerca das chamadas “escolares” e a súa importancia dentro do sistema educativo actual.

**Palabras chave:** *historia das bibliotecas, evolución, acontecementos sociais, fondos culturais, recursos*

### **Resumen**

En el presente trabajo, se expondrá una visión histórico – pedagógica del nacimiento y evolución de las bibliotecas, tanto a nivel mundial como, más concretamente, español. Además, se tendrá en cuenta la aparición de las denominadas “escolares”, dándole especial importancia a los acontecimientos sociales que promovieron su nacimiento. No se debe olvidar la clara influencia que supone para las bibliotecas la aparición de la escritura, su evolución, técnicas, el libro, la imprenta o, uno de los aspectos más importante, la progresiva igualdad entre los estratos sociales. Las bibliotecas son fondos culturales inagotables de los que muy poco se ha hablado hasta el momento; constituyen un papel fundamental en la evolución de nuestros antepasados y en la nuestra propia, aportando información de carácter histórico y visual que no podemos olvidar cuidar y cultivar en las futuras generaciones. En este informe, se plasmará la evolución desde la primera de las bibliotecas, Ebla, hasta nuestros días, dando claro ejemplo de la importancia dentro de los pueblos, así como una conclusión acerca de las denominadas “escolares” y su importancia dentro del sistema educativo actual.

**Palabras clave:** *historia de las bibliotecas, evolución, acontecimientos sociales, fondos culturales, recursos*

## **Abstract**

In the present work, a historical and education vision will be exposed for the birth and evolution of the libraries, both world and, more specifically, Spanish. In addition, be taken into account the emergence of the so-called "school libraries", giving special importance to social events that promoted its birth. We must not forget the clear influence posed to libraries, the appearance of writing, its evolution and techniques, the book, printing, or one of the aspects most important, progressive equality between social strata. Libraries are inexhaustible cultural funds of which very little has been said so far; they constitute a fundamental role in the evolution of our ancestors and, I think, in our own, providing historical and visual information that we cannot forget to care for and grow in future generations. In this report, I intend to capture the evolution from the first library, Ebla, up to our days, giving clear example of the importance within the villages, as well as a conclusion about the so-called "school" and its importance within the current educational system.

**Keywords:** *libraries history, evolution, social events, cultural funds, sinews*

## 1. Introducción

Desde a antigüidade, as bibliotecas constituíron un referente para a sociedade en canto a gardiáns de coñecemento, historia dos devanceiros, referente cultural e, incluso, almacenamento de contabilidade e censo.

Coma todo, a súa evolución foi latente en distintos períodos da historia, demostrando así a importancia que, pouco a pouco, se lle foi dando á lectura, tanto por ocio como por sabedoría. Un exemplo claro, podemos obtelo da biblioteca que constituíu Platón dentro da súa “escola”, tendo por seguro que esa acumulación de conceptos serviría para potenciar o estudo dos futuros alumnos.

Non en tanto, o seu pasado é digno de análise e exposición, dentro da miña propia convicción persoal, tendo por premisa que as bibliotecas, ao meu parecer, constitúen unha fonte incalculable de cultura, educación, aprendizaxe e valor social.

Para demostrar o anterior, decidín realizar un estudo histórico acerca da súa evolución, consideración comunitaria, política e educativa, así coma unha revalorización do seu uso, en especial das bibliotecas destinadas a centros educativos e de aula.

Non podemos obviar que, actualmente, estamos a vivir na sociedade da información, totalmente globalizada e punteira en tecnoloxía, tanto a nivel educativo coma para o uso e desfrute da comunidade. Isto quere dicir que, as bibliotecas en concreto, deben avanzar coa sociedade, aportando así a satisfacción das necesidades que xurdan cos novos tempos.

Non obstante, é necesario pararse e coñecer a historia que teñen por detrás para darse conta de que, obviamente, estes cambios sempre estiveron á par da sociedade, da súa evolución e costumes culturais. Persoalmente, considero isto un requisito fundamental, xa que nos aporta información de valor acerca de como debe de adaptarse a biblioteca aos novos cidadáns.

Con todo, non podo deixar a un lado que, pese aos cambios, mantivéronse firmes na custodia e revalorización dos clásicos da nosa literatura, arte ou ciencias, así como a conservación dos mesmos, permitíndonos desfrutar deles.

Centrándonos no presente informe, debo dicir que é froito dunha inqueda persoal que se arrastra desde moi cativa, expresándome libremente coma unha “forofa” das bibliotecas. En primeira instancia, considéroas de grande interese educativo, por mor da

potenciación da habilidade e comprensión lectora para os máis cativos, sen deixar de mencionar que suscitan o amor pola lectura autónoma ou guiada en primeiras idades, facilitando así un proceso de aprendizaxe lúdico e, sobre todo, imaxinativo, aspecto moi importante nos nosos infantes e que se está a esquecer. Estes aspectos expostos, son apoiados pola autora Glória Durban (2010), a cal expresa a necesidade da educación humanística en consonancia coa tecnolóxica: “La lectura se configura como la gran herramienta de que disponemos para apropiarnos del lenguaje y activar el pensamiento reflexivo.” (p.6).

Así e todo, chegados á educación superior, son un referente para a pescuda de información fidedigna, asemade do coñecemento dos grandes autores específicos que marcaron o estudo da nosa elección temática ou curricular.

Outro dos aspectos que, para min constitúe un pilar fundamental na vida das bibliotecas, é a lexislación política e o coidado cultural que se lle outorga ás mesmas desde o Goberno. Seguindo a afirmación de Glória Durbán (2010): “En la actualidad, las políticas generales son desiguales y teóricas” (p.12), decidín pescudar ao longo da historia, cales foron e, no presente, son, as medidas que se toman para a súa custodia e as regras en canto a funcionamento e institucionalización (tanto a nivel das públicas ou xerais, como en específico, das escolares).

Por último destacar que, como se pode intuír, os resultados plasmados do meu estudo foron froito das pescudas bibliográficas, consulta de material da temática e selección de documentación relativa. Teño que destacar neste punto a miña visita á Biblioteca Nacional de España (Madrid), na cal me atopei con dúas salas dedicadas, na súa integridade, á recolección de obras relacionadas co estudo das bibliotecas, tanto nacionais como escolares, mundiais e españolas. Sinxelamente, un pracer para persoas interesadas neste campo, coma é o meu caso.

## **2. Definición do obxecto de estudo**

Como ben se expresa na anterior introdución, o presente traballo está centrado na exposición histórica da vida das bibliotecas. En primeira instancia, debemos de definir o que entendemos, lexislativamente, por:

- *Biblioteca pública:*

es una organización establecida, apoyada y financiada por la comunidad, tanto a través de una autoridad u órgano local, regional o nacional o mediante cualquier otra forma de organización colectiva. Proporciona acceso al conocimiento, la información y las obras de creación gracias a una serie de recursos y servicios y está a disposición de todos los miembros de la comunidad por igual, sean cuales fueren su raza, nacionalidad, edad, sexo, religión, idioma, discapacidad, condición económica, laboral y nivel de instrucción. (IFLA/UNESCO, 2001, p. 8)

- *Biblioteca escolar, segundo o manifesto da UNESCO (IFLA/UNESCO, 1999):*

La biblioteca escolar proporciona información e ideas que son fundamentales para desenvolverse con éxito en nuestra sociedad contemporánea, basada en la información y el conocimiento. Proporciona a los alumnos competencias para el aprendizaje a lo largo de toda su vida y contribuye a desarrollar su imaginación (...) ofrece servicios de aprendizaje, libros y otros recursos que permiten a todos los miembros de la comunidad escolar forjarse un pensamiento crítico y utilizar eficazmente la información en cualquier formato y medio de comunicación.

Seguindo estas premisas, centrareime no estudo histórico sobre a aparición e evolución das bibliotecas, tendo en conta que a diferenciación entre “pública” ou “privada” e escolar non entra en vigor ate o século XX (exceptuando as de índole universitaria).

Para iso, decanteime por unha revisión de índole bibliográfica, tendo como autor de cabeceira a Hipólito Escolar, o cal se dedicou a analizar e estudar a historia do libros e da temática principal deste informe. Asemade, non descartei outros estudosos relacionados, parecéndome de interese a comparación de ideas e conceptos básicos.

É de recibo aclarar que, aínda sendo necesario aportar ideas clave e anotacións literais de autores, decidín elaborar a miña propia línea temporal, sempre baseada no estudo conciso e contrastado da mesma.

Dentro da mesma, destaquei as principais bibliotecas, empregando sempre a distribución temporal. Polo tanto, dentro da miña proposta de traballo, empreguei esa




referencia para desenvolver a historia e evolución das mesmas, emparellándoa con acontecementos sociais relevantes que poderían propicialas.

Para centrarnos máis na razón que me levou a esta temática en particular, tan extensa e, á vez, tan apaixonante, non se me ocorre mellor xustificación que unha frase de Jorge Luis Borges, gran escritor arxentino: *“Siempre imaginé que el Paraíso sería algún tipo de biblioteca”*.

E eu, de xeito persoal, coincido e corroboro esta gran descrición de utopía. E non so no sentido social da afirmación, tamén o extrapolo ao ámbito educativo, tendo en conta que, a lectura, promove o uso da imaxinación dos infantes, procurando non perder a capacidade de abstracción coa idade; aumenta a competencia lectora, tanto a nivel de comprensión como aumento de vocabulario, identificación de palabras técnicas ou literarias e a súa interpretación dentro do contexto.

Asemade, tamén aumenta a autonomía de aprendizaxe, facendo máis sinxelo que un discente estude por si so cando entende o que se le e sabe interpretalo sen necesidade de buscar ou preguntar á figura de apego ou docente. “Cada euro invertido en bibliotecas, se multiplica por cuatro en beneficios para la sociedad” (Comunidad Baratz, 2016).

Con isto, considerándoo de aclaración clave para a vinculación das bibliotecas coa Pedagogía, expresarei a línea temporal, para identificar as etapas históricas que se lle dedican neste informe así como as especificacións das bibliotecas de cada época:



Antes de pechar este apartado do informe, considero preciso explicitar o proceso seguido para a pescuda de información, as palabras clave empregadas nos distintos buscadores ou, entre outras consultadas, as obras de referencia de lectura obrigada para o tratamento da historia das bibliotecas:

- Nun primeiro intre, pescudei na base de datos da biblioteca da USC, tendo por finalidade procurar obras relacionadas con: historia bibliotecas, bibliotecas escolares ou bibliotecas simplemente; posteriormente, ante o gran número de obras, acotei a pescuda para: bibliotecas historia e bibliotecas escolares. Gracias a isto, coñecín a figura de Hipólito Escolar como historiador e autor principal das lecturas realizadas, así como a Camacho Espinosa, no eido das escolares.
- Os principais buscadores online consultados foron: Dialnet como base de datos; a procura de información na páxina da Biblioteca Nacional (tanto artigos en rede como autores para a posterior consulta); a Revista Galega de Educación, concretamente o número 48 dedicado ás bibliotecas escolares (de libre acceso na rede). Atopando unha gran variedade de obras relevantes.

Por outra banda, vexo necesario explicitar os obxectivos xerais que pretendo desenvolver ao longo da miña exposición. Para iso, farei unha táboa sinxela onde estes se relacionen cos procesos de investigación o traballo a seguir:

<b>Obxectivos xerais</b>	<b>Actividades de Investigación</b>
<p>Descibir, de xeito cronolóxico, a aparición e evolución das bibliotecas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Analizar os acontecementos, sociais e políticos, que propiciaron o desenvolvemento das bibliotecas.</li> <li>- Detectar as peculiaridades de cada comunidade e o seu reflexo no almacenamento de sabedoría.</li> </ul>
<p>Indagar, como iniciación á investigación documental, os principais autores e obras sobre a biblioteconomía.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Empregar as TIC, tendo en conta os criterios de selección verídicos, para a pescuda de información.</li> <li>- Consultar e ler as principais obras literarias, investigacións ou estudos,</li> </ul>

	relacionados coas bibliotecas, destacando autores ou figuras representativas.
Expresar, de xeito conciso, os resultados da investigación documental.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realizar unha línea do tempo, baseada en datas cronolóxicas, para situar graficamente a orde do discurso.</li> <li>- Concretar os datos e características obtidas, tendo en conta o vocabulario e público ao cal vai dirixido, elaborando un discurso fidedigno.</li> </ul>
Corroborar as medidas lexislativas oportunas para o desenvolvemento e revalorización das bibliotecas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pescudar a lexislación pertencente ás distintas épocas históricas así como á actual, tanto en temática de bibliotecas públicas/privadas como escolares.</li> </ul>


### 3. As primeiras bibliotecas

Para darlle comezo ao noso viaxe a través da vida das bibliotecas, debemos transportarnos ate o Próximo Oriente, concretamente á costa mediterránea de Mesopotamia, cerca do porto de Ugarit, preto do ano 3 000 a.C. Alí ubicábase, segundo as investigacións de Hipólito Escolar (1985; 1993), **Ebla**, unha próspera cidade na cal a súa economía xiraba en torno á prosperidade dentro do sector comercio. Esta estabilidade puido propiciar o interese pola organización de datos económicos, tendo como premisa básica controlar o ámbito monetario, os pagamentos e ganancias. Por estes ideais, comezaron a almacenar os textos producidos en salas acondicionadas para os mesmos.

Debemos de destacar que, nas primeiras épocas, o primeiro mecanismo de transmisión de coñecemento foi o oral, a escoita e a reprodución de xeración en xeración. En Oriente, nos tempos de Ebla xa se empregaban as tablillas de arcilla para deixar constancia de datos innovadores (Escolar, 1985) que, co tempo, convertéronse en fonte

de sabedoría, a memoria do pobo e unha xustificación clara e concisa da cultura e comportamento da sociedade da época.

Lamentablemente, a biblioteca ou “almacén” documental que se constituíra, foi destruída de xeito definitivo no ano 1 600 a.C. polos hititas. Asemade, toda a información que obtivemos dela foi gracias ao seu descubrimento por parte de Paolo Matthiae no ano 1 964 (Escolar, 1985). É interesante a ter en conta un aspecto concreto das tabletas: diferenciábanse, segundo a temática a que se destinaban, polo tamaño. Destas afirmacións, podemos recoller que, *Ebla*, xa contaba con funcións “bibliotecarias”, aínda que non entendidas coma hoxe en día (clasificación, orde, estantes e transmisión de coñecemento).



El archivo de las tabletas de Ebla

Escolar (1985) sitúa a biblioteca de **Asurbanipal** preto do ano 700 a.C., destruíndose definitivamente no 612 a.C. Este nome está inspirado no primeiro dos reis sirios, o cal sentía unha gran paixón polos libros. Non podemos esquecer que, dos mesopotámicos, herdamos o “colofón”, empregado anteriormente á invención da imprenta como mecanismo de identificación para as obras. No mesmo senso, este pobo foi o creador da archiconomía e biblioteconomía. Asemade, a principal característica da colección de *Asurbanipal* é o seu carácter privado, por mor da redución grupo social que tiña acceso á lectura.

Seguindo cos inicios das bibliotecas, non podemos deixar de referenciar a **Egipto**, destacando o emprego do papiro en contraposición á axilla. Neste período da historia, e segundo a bibliografía consultada, contamos coa presenza de centros documentais en institucións de ensinanza, predominando a temática filosófica. Non podemos obviar que, os exipcios, denominaban ás bibliotecas “casas da vida”.

Non obstante, unha das civilizacións máis marcada pola influencia da lectura e, máis concretamente, das bibliotecas, é a **grega**. Ate o século VIII a.C., a súa literatura transmitíase de xeración en xeración de xeito oral, finalizando esta costume coa aparición do alfabeto, importante legado posterior. Esta característica, propiciou o

aumento da relevancia dos libros, adquirindo así unha dimensión descoñecida ate o momento como mecanismo de transmisión.

É obrigado realizar mención ás bibliotecas dos distintos pensadores da época, tendo como exemplificación clara a *Academia* de Platón ou a figura de Aristóteles no *Liceo*.

Sen dúbida, a súa máxima expresión de devoción de cara á sabedoría e transmisión de coñecementos, foi a creación no século IV a.C. por Ptolomeo de *Alexandría* (Escolar, 1993). Considerada nun primeiro momento como centro de estudos superiores, tan so entendidos como oratoria e debate, fixo evolucionar o concepto da biblioteca para a época, creando así unha función a maiores da mera colección ou depósito de información: facilitar o acceso, de xeito ordenado, ao coñecemento, promovendo unha sinxela localización. Asemade, ninguén pode cuestionar o valor socializador que exerceu sobre a poboación grega, creando lazos de cohesión social entre os asistentes.

Con esta influencia de *Alexandría*, sendo difícil datar con exactitude a súa destrución, (National Geographic, 2014), Julio César viu a necesidade de recrear esta tipoloxía de biblioteca en **Roma**, dotando así ao seu pobo do modelo de centro cultural e intelectual que promoveu Ptolomeo. Desgraciadamente, non viu realizado este soño debido ao seu



falecemento prematuro. Non obstante, Asinio Polión, no ano 39 a.C., logrou a apertura dunha biblioteca preto de Curia; Augusto, pola súa parte, construíu dúas de libre acceso nos anos 23 e 28 d.C., realizando así a “innovación” de apertura das bibliotecas a todos cidadáns (Esocar, 1985).

Pódense considerar como as primeiras de carácter público.

É de importancia destacar nesta época romana que, as primeiras bibliotecas de índole cristiá, puideron operar libremente recibindo protección oficial, de cara ao século IV d.C., coincidindo coa decadencia da cultura pagá. Non podemos obviar, que a cultura romana introduciu o *códex* como novo soporte de escritura, desprazando pouco a pouco o papiro (Novelle, 2013).

Estes pequenos, pero grandes avances no acceso ao coñecemento, tiveron como consecuencia que, nos séculos VI e VIII d.C., na época **visigoda**, a lectura non fose exclusiva da xerarquía, aínda que o comercio do libro contaba con pouca demanda por mor do seu elevado custe. Da época non podemos destacar grandes cambios a nivel

bibliotecario xa que, as grandes coleccións, seguían baixo o amparo de nobres, clérigos e palacios reais, destacando neste senso, o de Toledo (Escolar, 1993).

Sen embargo, non podemos dicir o mesmo da etapa gloriosa que se viviu durante o período de **Al-Andalus** (VIII – XV d.C.). Para esta civilización, a educación e o saber adquiriron unha importancia notable, creando así bibliotecas tanto de índole pública como privada. Con respecto a estas últimas, destacamos a de al – Hakam II (Escolar, 1993), situada na cidade de Córdoba. Segundo algunhas lendas, non verificadas, contaba con case 400.000 exemplares, a maioría deles evocados ao esquecemento, expurgados despois do falecemento do bibliófilo. Asemade, o esplendor cultural do califato de Córdoba manifestouse na creación de bibliotecas tales como as vinculadas ás mesquitas. Dentro deste contexto, aproximándonos ao século **XII d.C.**, vivimos o renacer das cidades, da vida social e comunitaria. Algunhas das máis prestixiosas universidades, tanto a nivel mundial, coma español, teñen datado o seu inicio neste percorrido intelectual, dentro do cal o aumento de lectores e creación de bibliotecas é notable (Murray, 2014).

Non se sabe con exactitude cal das institucións universitarias foi a primeira, pero considérase a de Bolonia, fundada por Federico I “*Barbarroja*”, entre os anos 1155 ou 1158 (National Geographic, 2013). A mediados de século, moitos docentes en París ensinaban a retórica e a dialéctica, totalmente á marxe dos mandatos episcopais da época. Aportando máis datas, para notificar o alcance desta evolución, no ano 1163 fúndase a universidade de Oxford e será no inicio do século seguinte, concretamente no 1209, cando se abran as portas de Cambridge. Estes centros superiores estaban dotados de bibliotecas preparadas para a temática concreta de estudo. Unha das principais características era que non eran unitarias, é dicir, cada universidade tiña a súa propia e non posuía exemplares de outros estudos. Dividíanse en *libraria magna*, sendo so de lectura presencial e *libraria parva*, obras destinadas ao préstamo (Escolar, 1985).

Pero non toda a innovación e revelación educativa aconteceu no estranxeiro. A continuación, dedicaremos o seguinte apartado aos séculos XIII e posteriores ate a actualidade, realizando unha narración partida, é dicir, centrándonos na realidade internacional e, posteriormente, máis en concreto na de España.

#### 4. As bibliotecas de España vs. Internacionais (sec. XIII – XX)

Nos inicios do *século XIII*, o noso país ve florecer as súas primeiras universidades. Dátase no ano 1212 a de Palencia, sendo pioneira. Foi fundada polo bispo Tello de Meneses e, aínda que permanecerá como un inicio de transformación, a súa duración vese eclipsada por mor da creación das que serán universidades emblemáticas españolas: a de Salamanca (1215), de cara o ano 1260, a de Valladolid (Escolar, 1985).

Unha das máis grandes bibliotecas da época foi a creada por Alfonso X o Sabio e o seu descendente, Sancho IV. Asemade, non so se lle atribúe a actividade bibliófila, senón unha labor excelente dentro da tradución e edición de obras dedicadas a diversas temáticas. Como xa mencionamos con anterioridade, a nivel internacional tamén se sucede a aparición progresiva de diversas universidades emblemáticas hoxe en día, como é o caso de Cambridge no 1209.

Sen dúbida, o acontecemento clave que detonou a expansión da literatura e as obras emblemáticas de diversos autores foi a **invención da imprenta no século XV d.C.**, dando comezo en Alemaña, seguindo coa transición a Italia, a cal a transmitiría ao noso país. Este avance débémollo a Johannes Gutenberg (National Geographic, 2013), nado en Maguncia (Mainz, en alemán). Non podemos constatar que fose el o precursor propio da primeira iniciativa, pero si do procedemento de impresión que daría paso á imprenta moderna.

No ano 1472, asentado en Segovia, Juan Parix (De los Reyes Gómez, 2005) imprimiu a obra de *Sinodal de Aguilafuente*, a primeira realizada en España. Aínda que non pertence a este século centro de estudo, é preciso destacar que no século XVII se atoparon focos de imprenta en Madrid e Valencia. No ano 1605, prodúcese a primeira impresión de *El Quijote* por Juan de la Cuesta.

Dentro da cronoloxía marcada, o século XV, non podemos obviar a colección de manuscritos que acumulou o Marqués de Santillana, sendo unha das máis importantes a nivel español. Tampouco se debe esquecer a figura de Cardenal Cisneros, o cal fundou neste século o Colexio Maior de San Ildefonso, que contou con unha importante biblioteca, controlada directamente por Cisneros e dotada segundo as necesidades e temáticas impartidas no centro (Universidade Complutense de Madrid, s.d.).



Seguindo coa orde establecida, o século por excelencia dentro da creación e auxe das bibliotecas nacionais é o **XVI d.C.**, marcado polo papel fundamental que xogaban os bibliotecarios, adquirindo a tarefa de asesoramento para a adquisición das obras destinadas ás coleccións dos príncipes e nobres da época.

Destacamos a constitución da Biblioteca Real francesa (hoxe en día denominada Nacional), creación de Francisco I, e a Biblioteca Nacional de Baviera, considerándose durante un período de tempo como a máis influínte de Alemaña.

No tocante a España, contou coa presenza de tres grandes bibliotecas: Biblioteca del Monasterio del Escorial, fundada no ano 1565 e incluíndo grandes avances arquitectónicos, a pesar de estar localizada dentro do mosteiro na honra de San Lorenzo; Biblioteca de la Universidad Complutense, fundada con anterioridade polo Cardenal Cisneros; e a Biblioteca Colombina, nos seus inicios constituída como privada para Hernando Colón (fillo de Cristobal Colón e Beatriz Henríquez de Arana), gran bibliófilo e considerado como precursor da biblioteconomía moderna (Torres, 2001).

O **século XVII d.C.** está marcado pola guerra dos Trinta Anos (1618-1648), provocando un expurgo xeneralizado de moitas bibliotecas, así como a destrución de diversas obras. Este acontecemento desembocou na xenerosidade dalgúns homes que decidiron abrir ao público pequenas “bibliotecas” para facilitar así o acceso ao coñecemento dos cidadáns. Podemos considerar este xesto como o inicio do carácter público e xeneralizado destes recursos formativos e culturais.

Destacamos o impulso da biblioteconomía por parte de Gabriel Naudé, ao acuñar este termo por primeira vez no ano 1633 (Torres, 2001), realizando así o tratado que se constituiría coma un manual dos máis valiosos da época, sobre todo para as bibliotecas que rexurdían.

No tocante a España, a figura por excelencia dentro do arte bibliotecario foi Nicolás Antonio III. Autor da obra magna, *Bibliotheca Hispana* (MECD, s.d.), marcou o inicio da bibliografía española, recollendo a todos os literarios nados no noso país.

En relación ao noso contexto, non se crearon novas bibliotecas públicas nin Universidades por mor do declive económico e social da época. Sen embargo, si de tipo eclesiástico e privadas tales como a do Mosteiro de Poblet, como exemplificación das primeiras; a do Conde de Gondomar de índole persoal.

Se proseguimos co **século XVIII d.C.**, volvemos a vivir un auxe bibliotecario, tanto a nivel español como internacional, sobre todo en Europa. Destacamos a creación de British Museum (denominada como British Library a partir do ano 1973), catalogada durante un longo período de tempo como a mellor biblioteca do mundo, xustificada co gran volume de exemplares dispoñibles e a calidade dos mesmos. Tamén data deste século a creación da Biblioteca Nacional Portuguesa e outras notables nos Estados Unidos.

Pero sen dúbida, dentro do noso contexto, destacamos a construción da Biblioteca Nacional Española, fundada a finais do 1711 pola figura de Felipe V. Un ano despois, abriría as súas portas ao público denominada, nos inicios, como Real Biblioteca Pública. No seguinte século, deixou de estar dirixida pola coroa e pasou a ser propiedade do Ministerio de Gobernación (cambiando así o seu nome polo actual) (Escolar, 1985).

Todas estas medidas, tiveron como consecuencia a inclusión da lectura na vida cotiá de gran parte da sociedade, mellorando tamén as tipografías que se empregaban dentro das imprentas. Asemade, facilitouse a fundación da Academia da Historia, aprobada de xeito definitivo no 1738.

No século XVIII, tamén xurdiu unha biblioteca no Palacio Real, lentamente constituída, que aumentaría os seus exemplares nos anos seguintes, ate se converter na terceira das bibliotecas españolas máis relevante. Como data importante a recordar está o ano 1713, na cal se fundou a Real Academia Española, baixo o reinado de Felipe V (Escolar, 1993) Como figura representativa da nosa biblioteconomía, está Frei Martín Sarmiento, destacando as súas cartas no 1743, consideradas como un plan de bibliotecas prematuro pero con notables reflexións de progreso (Escolar, 1985), como a necesidade da biblioteca pública equitativa e o fomento da lectura na sociedade.

Anteriormente, xa se anunciou, no **século XIX**, a Biblioteca Real mudaría o seu nome ao actual, como Biblioteca Nacional Española, por mor da desaparición do Antigo Réxime. No 1858 creouse, necesariamente, a organización bibliotecaria española contando, entre outras, coas tarefas de conservación de todos os fondos documentais dispoñibles do Estado.

Non podemos deixar de destacar a Manuel Ruiz Zorrilla, o cal no 1868, iniciou unha preocupación governamental con respecto ás bibliotecas e a erradicación do analfabetismo (que superaba nese momento histórico o 80%). Con isto, esténdese a idea

da persoa como cidadá e non coma un mero súbdito ao mandato dos gobernantes (Gómez Hernández, 1993).

Dentro do ámbito internacional, destacamos a Biblioteca do Congreso de EEUU, fundada no ano 1800 polo presidente John Adams, como resultado do traslado de goberno de Filadelfia a Washington. Na mesma institución, Ainsworth Rand Spofford sobresaíu como bibliotecario entre os anos 1865 a 1897 (Murray, 2014), co cal se experimentou un grande progreso, tanto a nivel de exemplares e servizos públicos, como revalorización da figura laboral que representaba . Contén documentación de gran importancia para o seu contexto como é a Declaración de Independencia ou unha das catro copias que se conservan en perfecto estado da obra de Gutenberg.

Entramos na recta final do percorrido histórico exposto neste informe e mergullámonos no **século XX**. Dentro do mesmo, debemos de destacar en primeiro lugar, os factores que influíron de cara a un aumento progresivo dos lectores entre todos os estratos sociais: maiores posibilidades económicas dos individuos para a adquisición de exemplares; a tendencia á urbanización ou mobilización dos núcleos rurais aos industrializados; como resultado esencial de ambos os dous anteriores, obtívose o desenvolvemento e mellora da ensinanza.

Unha das datas máis significativas é a creación da UNESCO (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura) no ano 1946, desde a cal se plantexaron as ideas básicas a ter en conta no sistema educativo. Promoveuse unha gran campaña mundial en contra do analfabetismo e loitaron pola súa erradicación.

Dentro do noso contexto inmediato, destacamos a creación do INLE (Instituto Nacional do Libro), comezando por ser un organismo autónomo que, no ano 1986, pasaría a ser parte do Ministerio. Actualmente, e desde o ano 1998, é coñecido como Centro de Documentación do Libro, a Lectura e as Letras<sup>1</sup>.

En consonancia, non podemos deixar de mencionar a creación da Biblioteca do Renacemento, fundada en 1910 por Victorino Prieto, constituíndose como a editorial de cabeceira para gran parte dos autores pertencentes á xeración do 98 (Barreiro, H. 1989). Tamén se constitúe coma un avance no acceso á información a creación no 1905 do periódico ABC, aínda en vixencia nos nosos días.

---

<sup>1</sup> <http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/areas-cultura/libro/mc/centrodoc/informacion-general.html>

Por último, facer referencia á gran preocupación da República no tocante á lectura e loita contra o analfabetismo nos medios rurais, creando o Patronato de Misi3ns Pedag3gicas, exposto con posterioridade de xeito m3is amplo.

### **5. As bibliotecas escolares en Espa3a: os inicios (s3culo XIX)**

Neste apartado do informe, presentarase a historia, en concreto, das bibliotecas escolares dentro do contexto espa3ol, partindo dos inicios pola preocupaci3n da instituci3n educativa no s3culo XIX.

Segundo de la Cruz Sol3s (2008), o termo “biblioteca escolar” foi empregado en Espa3a por vez primeira no ano 1882. Atribúeselle este m3rito a Manuel Bartolom3 Coss3o, entre outras facetas profesionais, o creador do Patronato das Misi3ns Pedag3gicas.

Pero naquela 3poca, a ensinanza universal non foi m3is ca unha utop3a de poucos, tendo como contrarios a altos cargos da sociedade e a Igrexa. Non se pode obviar que, no ano 1845, concretamente no n3 8 do bolet3n Oficial de Instrucci3n P3blica, d3base a entender que a presenza de material de lectura nos centros era totalmente necesario, agrup3ndoos nunha pequena biblioteca.

Sen embargo, a Constituci3n de 1812, aprobada o 19 de Marzo, popularmente co3ecida como “La Pepa” polo sinalado d3a, introduc3a, por primeira vez, o dereito 3 Educaci3n e creou unha Comisi3n de Instrucci3n P3blica para levar a cabo a tan necesaria reforma neste 3mbito. Destacamos neste per3odo a figura de Jovellanos, o cal no seu estudo *Bases para la formaci3n de un Plan General de Instrucci3n P3blica* datado no 1809, fai referencia 3 funci3n de apoio que recibe a educaci3n por parte das bibliotecas (G3mez Hern3ndez, 1993).

Como inciso, debemos indicar que a historia relatada sobre as bibliotecas escolares no noso contexto nacional, est3 relacionada de xeito intr3nseco coa aparici3n das co3ecidas como “populares” e a evoluci3n do sistema educativo da 3poca (Cotelo Guerra, Iglesias Salvado, e Serrantes Pazos, 2012).

A figura de Antonio Gil de Z3rate, no 1847, posibilita a instalaci3n de espazos de lectura nas escolas de 3ndole rural, custodiadas polos docentes do centro, trat3ndoos como auxiliares da formaci3n, concepto no cal fai especial fincap3 anos despois Jos3 Echegaray.

Preto da década dos sesenta, concretamente no 1857, instáurase a primeira das lexislacións educativas, a coñecida como Ley de Instrucción Pública ou, no seu defecto, Ley Moyano (coñecida así polo seu precursor Claudio Moyano). Aínda de obter carácter innovador no ámbito educativo, algúns autores como o citado Antonio de la Cruz Solís (2008), considéranla coma “una recopilación de las anteriores leyes como el Plan del Duque de Rivas, de 1836 y el Plan Vidal de 1845(...)”. Débese de ter en conta que, esta lexislación, foi aprobada nun contexto no cal o analfabetismo superaba o 80%, asunto do que se quixo ocupar de erradicar en primeira instancia o Estado.

Non obstante, é preciso mencionar a iniciativa da lexislación da época dividindo as etapas tal e coma hoxe son entendidas. A creación, a partir desta medida, dos institutos de Segunda Ensinanza, promoven en Gil de Zárate a necesidade de crear en cada un destes centros unha biblioteca, tendo claro que diversas materias coma Ciencias Sociais, Historia ou Xeografía, precisan de material de apoio (Rodríguez Guerrero, 2005). As principais causas do fracaso das mesmas, cuantificadas en case 746 de nova apertura (Escolar, 1985), veñen derivados dos orzamentos escasos destinados para o fin, así coma o papel pasivo adquirido polos docentes responsables do material.

A cultura e a educación están intimamente ligadas ao poder económico do seu contexto e, coa perda dos últimos territorios coloniais, no ano 1898, fixo estoupar un novo enfoque cultural. Xurdiu así un amplo movemento de índole pedagóxico que consideraba fundamental a reforma do sistema educativo da época. Neste senso, é obrigado destacar as figuras de Rafael Altamira, Ortega y Gasset, Bartolomé Cossío, entre outros.

Aínda que loitaron para conseguir o seu fin, os duros contrincantes políticos así coma a falta de orzamento para a actividade, impedirán que se leven a bo porto as medidas aportadas. Este contexto foi o decisivo para provocar o fracaso da biblioteca circundante creada no 1912, xa no século XX, por Rafael Altamira (De la Cruz Solís, 2008). A idea que suscitaba esta iniciativa foi a que máis se acercou a imaxe que, hoxe en día, temos dunha biblioteca escolar.

Non obstante, no ano 1858 creouse o Corpo Facultativo de Arqueiros e Bibliotecarios (Gómez Hernández, 1993).

Todas e cada unha das iniciativas promovidas durante este século estivo enlazada firmemente co momento histórico no cal estabamos inmiscidos: a ilustración e, como

consecuencia, modernización do pobo. Sentiuse a necesidade de pescudar lectores, de acercar as grandes obras a todos e cada un dos cidadáns e, como resultado, tomáronse as medidas para a creación de bibliotecas e crear un respecto de cara á figura do bibliotecario.

As grandes loitas políticas e ideolóxicas vividas no XIX, tiveron como resultado o pouco auxe desta aparente utopía, tendo en conta que o factor económico non axudou a mellorar a situación.

Como peche deste século, aclarar que segundo varios autores consultados (Barreiro,1989; Bernal, 1990; Canes Garrido, 1993; Gómez Hernández, 1993; entre outros), non podemos falar propiamente da creación de bibliotecas escolares, xa que mantívose unha relación estreita, terminoloxicamente, coas populares ate a terceira década do século XX.

## **6. As bibliotecas escolares en España: o apoxeo e estabilización (século XX)**

A apertura deste século está marcada pola creación, no ano 1900, do Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes, suscitando un novo período para as bibliotecas.

É de recibo mencionar que, durante o transcurso do século pasado, a biblioteca popular estaba limitada, dentro da relación cos cidadáns, a ser gardiá da nosa cultura e herdanza. A creación citada anteriormente do Ministerio de Instrución Pública tivo como consecuencia a aparición de diversas accións legislativas en prol ás bibliotecas, como por exemplo o *Reglamento para el régimen y servicio de las bibliotecas públicas del Estado*, o 18 de Outubro de 1901.

A partir de 1915, medra estrepitosamente a creación ou re-apertura de bibliotecas, dando comezo por Madrid, onde se instalan en locais de índole escolar ou en diversas rúas. Debido ao gran número na capital, no 1929 prodúcese a creación dunha Xunta formada polos directores das mesmas, propiciando a comunicación e adquisición de exemplares de xeito coordinado (Gómez Hernández, 1993). Destacamos neste senso, o afianzamento da actual biblioteca de Historia e Xeografía en Santiago de Compostela dentro deste período temporal.

Neste século, é de recibo destacar a Escola Nova, da cal demos pequenas pinceladas de aparición no XIX. Nos primeiros anos do século XX, este movemento de renovación educativa xa está consolidado e, coincidindo coa modernización social, a súa

metodoloxía e praxe cadran á perfección neste contexto. (Marín Ibáñez, 1976). Debemos de destacar que, con base socialista, promoveron o acceso igualitario á cultura, así coma unha reivindicación no tocante á creación de centros de índole formativo, coma museos, bibliotecas, etc.

Para dar luz a estas ideas en prol á culturización dos cidadáns, Lorenzo Luzuriaga (1889-1959) fundou a *Revista de Pedagogía* no ano 1922 (Barreiro, 1989). Nesta mesma, aportáronse monográficos denominados “*Escolar*” dentro dos cales se daba cabida á nova consideración educativa que tiñan os pedagogos modernistas da época. Destacamos un pequeno libro, de tan só corenta e oito páxina dedicado ás Bibliotecas Escolares. Segundo de la Cruz Solís (2008), facíase alusión ao valor educativo das mesmas, propondo a posibilidade de se producir unha aprendizaxe espontánea por parte dos discentes. Para isto, dicían, sería necesario un papel activo e renovado do corpo docente, así como garantir os servizos bibliotecarios actualizados para que a interacción fose positiva.

No ano 1923 da comezo en España a ditadura de Primo de Rivera. Durante o período de duración, tentouse construír edificios destinados á educación e formación da sociedade. Case todos seguían un mesmo patrón arquitectónico pero, adaptándose aos cambios metodolóxicos introducidos, contaban con novas dependencias tales coma pequenas bibliotecas escolares ou museos (De la Cruz Solís, 2008). Asemade, a dotación de material de lectura non foi a axeitada e, a súa distribución, beneficiou sobre todo aos espazos xa construídos con anterioridade.

Proclamada xa a Segunda República en España, no ano 1931, a maior preocupación palpable dentro do novo equipo de goberno pasa a ser a educación, adquirindo protagonismo concretamente as bibliotecas (San Segundo Manuel, 2000) Precisamente nesta época se da unha das maiores reivindicación, tanto a elas como ao campo formativo en xeral, creando o Patronato de Misións Pedagóxicas en maio dese mesmo ano. Unha das razóns polas cales se propuxo a iniciativa, foi polo porcentaxe de analfabetismo da época (case un 44,3%), denotando maior preocupación nas zonas de índole rural (De la Cruz Solís, 2008). Como dato a aportar, so 4 millóns dos 23 que habitaban España nestas datas, tiña acceso a un libro de lectura ou á prensa escrita.

Polo tanto, se consideramos os diversos factores económico-sociais da época, este Patronato de Misións quixo promulgar a igualdade de acceso á formación e cultura.

Seguindo o artigo publicado por Francisco Canes Garrido (1993), destacaremos en primeiro lugar, a proclamación de Manuel Bartolomé Cossío como presidente do Patronato, o cal viría cumprido o seu soño pola loita educativa antes do seu repentino falecemento. De seguido, enumeraranse algunhas das accións que realizaban os voluntarios destas misións. É importante insistir neste carácter non obrigatorio, tendo en conta que os beneficios económicos eran moi relativos e existían grandes viaxes ao longo de toda a xeografía española. Asemade de titulados, directores, docentes e inspectores do ámbito educativo, tamén participaron personaxes alleos a este sistema, aportando importantes pinceladas de cultura e comunicación cos cidadáns.

Aclarado isto, e seguindo a narración de Canes Garrido (1993), o Patronato ocupábase de tres ámbitos formativos importantes: o cultural, o académico-formativo e o cidadán (comunicación, intereses, inquedanzas...). Dentro de todo o conxunto de iniciativas que promoveron, debe ser destacada por mor da relación co presente informe, a creación de bibliotecas populares en todas aquelas localidades que fose necesaria (necesario recalcar populares, non escolares).

Para este fin, establecían un orzamento en libros de diversa temática e pedían un local acondicionado e exclusivo para esta actividade. Os encargados do seu funcionamento e posterior coidado serían os docentes da contorna. Esta actividade estaba apoiada polo Decreto de 7 de Agosto do 1931.

Non se debe esquecer que, asemade de promover o acceso á cultura mediante as bibliotecas e exposicións de arte temporais, o Patronato ofrecía unha formación aos docentes da localidade, conectándoos coa historia do seu contexto, admirando o seu potencial educativo e inmiscíndoa nas aulas. Como apuntamento, Antonio Machado plasmou esta monotonía seguida nas aulas da época no poema *Recuerdo Infantil*, demostrando que a renovación do corpo docente e a motivación do mesmo eran completamente necesarias (De la Cruz Solís, 2008; Canes Garrido, 1993). É de recibo mencionar que antes de realizar a “misión pedagóxica”, o programa era adaptado á zona de destino, tanto á localización, condicións xeográficas, como económicas, demográficas e, o máis importante, de índole cultural.

No ano 1937, e ante a dificultade comprobada que supuña para os docentes administrar a biblioteca popular, o Ministerio de Instrución Pública edita *Instrucciones para el servicio de pequeñas bibliotecas* (De la Cruz Solís, 2008).



Antes de inmiscirnos na época da Guerra Civil, é obrigado presentar a figura de María Moliner (1900-1981), autora da obra citada con anterioridade de instrución, aínda que a firmou de xeito anónimo (Martín Zorraquino, 2010). María Moliner foi unha das primeiras Facultativas de Arquivos, Bibliotecas e Museos de España. Non se debe deixar no esquecemento, a súa emblemática obra *Diccionario de Uso del Español* (1966-1967). A súa figura foi unha das máis representativas dentro da renovación da biblioteconomía en España, así coma un impulso esencial na reivindicación do acceso equitativo á lectura en todos e cada un dos contextos, tanto urbanos coma rurais.

Unha das súas reivindicacións, realizouna no II Congreso Internacional de Bibliotecarios e Bibliografía, celebrado no ano 1935 nas Comunidades de Madrid e Barcelona. Ademais de ser unha das figuras organizadoras deste evento, participou activamente no mesmo con unha conferencia insólita denominada *Bibliotecas rurales y red de bibliotecas en España* (De la Cruz Solís, 2008; Martín Zorraquino, 2010).

Neste documento, María Moliner deixaba entrever a vinculación entre o sistema educativo e as bibliotecas, dando voz ás que serían de propia índole escolar. Reflexaba a necesaria rede entre as populares e as anteriores, tendo como premisa intercambiar as obras infantís entre ambas así coma as destinadas á lectura de adultos, creando un fondo bibliotecario común.

A súa actividade como defensora da lectura e fiel compañeira da biblioteconomía viuse revalorizada co que se considera o mellor tratado sobre bibliotecas publicado no 1937: *Proyecto de bases de un plan de organización general de Bibliotecas del Estado* (Martín Zorraquino, 2010).

No 1936 da comezo a Guerra Civil Española, etapa histórica de represión cultural e expurgo de moitas bibliotecas por mor da censura, sobre todo na nosa lingua nai. Sen embargo, nas zonas republicanas que resistiron durante a época, seguíronse a promover iniciativas para a lectura, dándolles formación a marines e soldados.

Neste senso, Valencia constituíuse como a principal fonte de innovación na índole bibliotecaria, guiada pola figura de María Moliner e o seu Proxecto de Bases, ao fronte da Biblioteca da Universidade de Valencia (Gómez Hernández, 1993).

Desgraciadamente co trunfo de Franco, esta e outras iniciativas foron ignoradas. Dentro deste período, as bibliotecas de España están organizadas de xeito monótono, centralista e con pinceladas retrógradas. As principais fontes de interese elévanse ao

mundo da industrialización, a sociedade de consumo, a dixitalización e novas tecnoloxías emerxentes, etc.

Unha das figuras claves a destacar na época é Javier Lasso de la Vega (1892-1990), activista da biblioteconomía e comprometido, fielmente, coas de índole educativo. Dentro das súas obras, extensa bibliografía a destacar na temática das bibliotecas e a formación dos arquivistas e bibliotecarios, é de recibo fixar a mirada en *La biblioteca y el niño* datada de 1938. Considera, como premisa básica dentro da súa liña de actuación, que a lectura e, máis concretamente, a biblioteca no ámbito escolar, eran elementos clave para acadar a equidade dentro do sistema educativo, referido á igualdade de formación (Bernal, 1990; De la Cruz Solís, A. 2008).

Asemade da obra cita en específico, Lasso de la Vega loitou en prol á educación durante os anos do franquismo, disfrazando as súas verbas liberais e adaptándoas ao réxime do momento histórico (De la Cruz Solís, 2008).

Cerrando este apartado histórico e, antes de pasar aos principais avances durante o período democrático actual, aclarar que a partir dos anos corenta, vese como unha necesidade a regulación do acceso á información por parte da sociedade, promovendo a formación continua, hábito de lectura, interese pola mesma e, sobre todo, abrir as barreiras informacionais, despertando o interese dos lectores.

No que respecta ao ámbito educativo, debe ser destacada a remodelación da lexislación ate o momento, a Lei Moyano, aprobándose no ano 1970 a Lei Xeral de Educación (LGE), a cal marcará a obrigatoriedade do sistema educativo coa distinción do postobrigatorio (Cotelo Guerra, Iglesias Salvado, e Serrantes Pazos, 2012).

Sorprendentemente, e despois de todas as aportacións de grandes figuras como as xa citadas, a nova lexislación non acolle en ningún momento o papel das bibliotecas escolares, nin a súa función ou aportación á educación formal nin pautas para o correcto funcionamento, polo que a aportación económica do goberno e o apoio aos centros escolares neste senso sería case nula.

## **7. As bibliotecas escolares en España: o período democrático actual.**

Con esta traxectoria histórica, atopámonos no noso contexto democrático, tendo por premisa básica o aumento de lexislación que apoia e dignifica o acceso á lectura, tanto de índole público ou popular, como a nivel escolar.

Tendo unha perspectiva histórica clara, como a mostrada con anterioridade, debe destacarse durante os anos de democracia as medidas aportadas polo Goberno e diversas Administracións no tocante a lexislación e dignificación das bibliotecas, concretamente de índole escolar.

Os inicios da Democracia española, supuxeron un gran avance en torno a dereitos dos cidadáns, en equidade aparente por mor da Constitución de 1978, tendo coma un dos campos de maior transformación o sistema educativo. Dentro deste proceso, as bibliotecas escolares tamén tiveron o seu oco pero, pola contra, a súa adaptación aos novos tempos produciuse de xeito máis progresivo.

Destacamos, como data significativa para o noso contexto galego, a Lei 14/1989 do 11 de Outubro (DOG, 24 de Outubro), dentro da cal se establecen as bases para formalizar o sistema de bibliotecas de Galicia. Máis concretamente, dentro do artigo 12, referéncianse de xeito directo as de índole escolar destacando que “son parte integrante e fundamental das actividades pedagóxicas do centros docentes”.

Neste senso, e a partir de lexislar a súa importancia indiscutible nos centros educativos, promóvense diversas actividades en prol ao fomento da lectura e emprego das bibliotecas, xa guiadas polas Administracións, Departamentos de Educación, Asociacións de Pais e Nais e Consellerías.

Entre os anos 1980 e 1986, lévanse a cabo diversas accións e Campañas para o Fomento da Lectura, o cal potencia aínda máis a relación entre Administración e centro no tocante ao bo desenvolvemento e acondicionamento da biblioteca escolar.

No ano 1990, prodúcese outro dos moitos cambios lexislativos en relación á educación, promovéndose a LOGSE (Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo), na cal si se fai referencia ás bibliotecas escolares pero por mera formalidade, dando so datos significativos das súas dimensións físicas e pequenas pinceladas de funcionamento. Pero, na Orde do 29 de Xuño do 1994, a administración considera oportuno ofrecer unha nova visión destes espazos educativos e inclúense actividades de carácter complementario dentro das mesmas, así como a inclusión das mesmas e os seus horarios dentro da Programación Anual.

Como resultado de diversas discrepancias entre integrantes políticos por mor de iniciativas presentadas para a calidade educativa (Cotelo Guerra, Iglesias Salvado, e Serrantes Pazos, 2012), no 1995 viuse aprobada a nova lexislación, LOPEGCE (Lei

Orgánica da Participación, a Avaliación e o Goberno nos Centros Docentes). Como un dato a ter en conta, neste novo texto governamental, non se tiveron en conta as bibliotecas escolares nin a súa regulación interna.

Unha das datas máis significativas é a de 1999, na cal se produce a publicación do *Manifesto da Biblioteca Escolar* (IFLA/UNESCO). Dentro deste documento, promóvese a importancia pedagóxica e formativa que constitúe este recurso dentro dos centros educativos dando como razóns, entre outras: “La biblioteca escolar es un elemento esencial de cualquier estrategia a largo plazo para alfabetizar, educar, informar y contribuir al desarrollo económico, social y cultural.”

Aínda que no ano 2002 en España se produce outro dos tantos cambios lexislativos a nivel educativo coa entrada en vigor da LOCE (Lei Orgánica de Calidade da Educación), non será ese o intre para visualizar renovación dentro do campo das bibliotecas escolares, senón que esta referencia administrativa clara se reflexará na Lei sucesora: a LOE (Lei Orgánica de Educación) no 2006.

Por primeira vez dentro do noso marco contextual, parece haber relación entre a calidade educativa e a función das bibliotecas escolares. O artigo 113 está dedicado, exclusivamente, a sinalar como serán as bibliotecas escolares en centros de índole público e o papel da administración para fomentar as mesmas. Non se trata dunha referencia ampla nin demasiado concisa, pero si unha das primeiras en demostrar que as bibliotecas escolares teñen cabida dentro dos centros educativos e precisan de certa atención por parte do Goberno a través da lexislación.

Na actualidade, volvendo a mudar de lexislación no ano 2013 coa famosa e discutida LOMCE (Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa), non atopamos ningunha referencia ás bibliotecas escolares, o cal semella un retroceso no tocando ao recoñecemento de méritos por parte do Goberno.

Si é certo que, á marxe do que contempla a lexislación, moitas son as iniciativas a nivel escolar que xurdiron nos últimos anos dentro da temática das bibliotecas. Centrándonos en Galicia, a nosa comunidade, destacamos o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), o cal tivo o seu inicio no curso 2006/2007; a iniciativa ALFIN para a pescuda e mellora da competencia informacional do alumnado ou o Plan Lía, mediante o cal se pretende a integración das novas tecnoloxías dentro do funcionamento das bibliotecas.

No século XX, varias son as iniciativas promovidas no senso das bibliotecas e, relacionada coas mesmas, a promoción da lectura. Seguindo a Camacho Espinosa (2004), destacamos:

- 1981: creación da *Asociación Española de Amigos do Libro Infantil e Xuvenil*.
- 1986: *Equipo Peonza*, programa de educación compensatoria, destinado fundamentalmente ao ámbito rural.
- 1986: creación da *asociación Educación e Bibliotecas* por Francisco J. Bernal, promocionando a revista co mesmo nome.

Enmarcados nos novos tempos sociais, dentro da era da información e dixitalización, as bibliotecas deben mudar as súas metodoloxías e servizos, ofrecendo diversas alternativas para a pescuda ou consulta de certos materiais a través da rede. Máis concretamente no ámbito educativo, destacamos diversos recursos coma o *Proxecto Meiga*, da Xunta de Galicia, creando unha rede excepcional de bibliotecas galegas; a iniciativa de *Maletas Viaxeiras*, para incentivar a comunicación e integración das familias no centro; o selo de *Bibliotecas Escolares Solidarias*, que conta co apoio da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado...

Como vemos, desde os últimos anos do século XX e nos inicios do presente, moitas foron as accións emprendidas desde o Goberno e diversas Administracións para o auxe e fortalecementos das bibliotecas, sobre todo no eido do escolar. Pero, é suficiente?

## **8. Conclusións e expectativas como futura pedagoga**

Rematado o percorrido histórico e, tendo en conta a miña expectativa de futuro, neste apartado do informe as verbas expresadas serán en prol ao meu convencemento como futura pedagoga, da necesidade de defensa das bibliotecas, en termos xerais, e máis especificamente, no noso campo escolar.

En primeiro lugar, o meu convencemento acerca do alcance social, e non so educativo, da Pedagogía, fíxome de respaldo para abordar a temática tan esquecida no noso campo formativo que constitúen as bibliotecas. Para iso, sempre é imprescindible, como xa expliquei, partir dunha base histórica sólida que faga abrir o noso pensamento,

constituíndo de xeito razoable o porqué destes espazos de coñecemento e que aportan na nosa formación (esquecendo por un intre a catalogación entre formal ou non formal). Máis concretamente no eido escolar, e seguindo a lectura de Glória Durban (2010), as bibliotecas constitúen un recurso inesgotable de beneficios, de satisfacción propia e profesional; un dos poucos espazos sociais que nos garanten a equidade no senso do acceso ao coñecemento e a información. Porque non miran rendas económicas, non nos piden ingresos para o préstamo dun libro; porque ás bibliotecas non lle importa a nosa vestimenta nin os medios dixitais de última xeración: o seu cometido é ofrecernos cultura, diversión, formación, habilidade lectora, paixón, entretemento...

Hai un tempo, descubrín a lectura da revista Babar, de acceso online e numerosas entrevistas a literarios, ilustradores ou personaxes relevantes no eido da lectura Infantil e Xuvenil. Atopei a entrevista co creador da Editorial Kalandraka, unha das pioneiras en España remodelando grandes obras e ilustrándoas para o atractivo de primeiros lectores e avanzados. Xosé Ballesteros, en palabras literarias, facía referencia á pouca preocupación do Goberno no tocante á renovación e afianzamento da literatura nas bibliotecas: “Si el propio ministro de Cultura ha declarado que las bibliotecas ya están bien surtidas de libros y no necesitan adquirir novedades editoriales, ¿qué política cultural se puede esperar?”<sup>2</sup>. Sen dúbida, unha referencia honesta e clara ao pouco caso que, desde os partidos ou Ministerios, se lles outorga á lectura e promoción escolar da mesma. Para min, os libros nunca son suficientes, o saber nunca sobra e, sobre todo, a diversión e potenciación da imaxinación nos discentes, nunca chegará a ter unha medida oportuna.

A nova lexislación vixente, fai referencia ao termo de “calidade” educativa, e eu pregúntome, que se entende hoxe en día por calidade? A exposición a probas externas continuadas? Cargamento de libros de texto que non permiten a adaptación en aula? A privación de traballos imaxinativos? O alcance de obxectivos meramente curriculares? Que é o que realmente se reflexa nese termo?

Seguindo as verbas de Area e Marzal (2016): “Una biblioteca escolar era -y sigue si

---

<sup>2</sup> <http://revistababar.com/wp/entrevista-a-xose-ballesteros-kalandraka/>

siendo- un lugar necesario y subsidiario de los procesos educativos desenvolvidos en el interior de las aulas. (...) un territorio de animación a la lectura (...) la ampliación del coñecemento que no figuraba en los libros de texto” (p. 228).

Polo tanto e, apoiándonos en novos estudos sobre as bibliotecas escolares, seguen a ser índice clave para o factor de calidade tan reclamado pola LOMCE. Moi ao contrario do pensamento razoable sobre a temática, na redacción da Lei non se atopa en ningún momento referencia ás mesmas: son invisibles, non merecen da súa atención.

Como futura pedagoga, amante das bibliotecas e a documentación, considero esencial o papel dos libros de fantasía, aventuras, acción e intriga na vida dos discentes. Sen eles, o seu poder de abstracción e imaxinativo sería aporreado por conceptos baleiros, teóricos e sen repercusión de futuro da formación como cidadáns libres. Porque pensamos que o sistema educativo debe de aportar os obxectivos básicos para a formación na vida social, a derradeira carreira de fondo durante os anos obrigatorios para saír á realidade e ser quen de entender o mundo actual.

Desgraciadamente, non é así. Non se nos permite sobrepasar límites e, o docente valente que o fai, debe cometer o posible erro ás agachadas, baixo a atenda mirada do corpo restante que se esqueceu de idealismos e humanidade e se limita a ofertar exercicios repetitivos e, algunhas veces, poucos axeitados para a idade e desenvolvemento cognitivo.

A lectura, os libros, as historias, as bibliotecas escolares e de aula, devolven aos discentes ese sopro de aire fresco e independente que pode causar neles a reacción necesaria para razoar e entender o seu entorno. Porque o espazo bibliotecario non está pensado so para ofertar libros de préstamo, senón que aporta equidade, elementos de socialización, respecto, cumprimento de normas; florecemento do interese pola lectura, os novelistas e grandes historiadores; aumenta a concentración en diversas materias, como a linguaxe, e contribúe a unha mellor expresión oral e escrita. En definitiva, aporta vida.

Vida que se ve asolagada polos poucos recursos cos que se contan, as poucas medidas de control sobre as bibliotecas. Un dos grandes motivos que me levou ao estudo destas grandes potencias de crecemento persoal, foi a experiencia vivida durante o período de Prácticum II, no cal me encarguei de “repoboar”, clasificar e abrir ao público a biblioteca escolar. Realmente, o centro non contaba con ela, non se facían actividades culturais

nin de fomento á lectura, non se contaba con libros actualizados nin de gran atractivo para ás novas xeracións. O espazo estaba dedicado á proxección de vídeos ou películas de xeito alternativo. E, sobre todo, non existía nin existe un control real por parte da Administración no tocante ao fomento de lectura ou inversión bibliotecaria.

Neste contexto descrito, o Proxecto Meiga era o gran descoñecido. Do PLAMBE non sabían nin o que significaban as siglas e, moito menos, tiñan constancia das axudas económicas ofertadas por presentar proxectos innovadores ou acollelos no centro. A súa biblioteca non existía, non se empregaba. E os docentes, asustados, preguntábanme o porqué da mala lectura e pouco entusiasmo mostrado de cara ela que presentaban os discentes. Cansada de oír razóns coma a gran “epidemia” actual de TDAH ou dispersión de atención, decidín presentarme voluntaria para a gran re-apertura e explicarlles aos pequenos o que era realmente unha biblioteca e que podían facer na mesma.

Éxito total! Os libros líanse de semana en semana, a súa concentración en materias como plástica ou literatura viuse aumentada porque plasmaban as historias recollidas nos libros, potenciaban a súa imaxinación. Celebráronse días sinalados como o día de Rosalía, aprendendo a ler con ritmo as súas verbas, o seu galego, a súa vida. E conseguírono, e seguiron lendo. Eles mesmos pedían máis libros novos, de temáticas que lles gustaban. Os máis pequenos querían debuxos e, os maiores, aventuras contemporáneas.

Con estes grandes motivos, a miña ilusión por elas, a de moitos outros que as reivindicán, a constatación do que provocan no alumnado, o seu gran valor histórico, os apoios pedagóxicos que reciben e os grandes beneficios para a sociedade, quen pode discutir a importancia das bibliotecas escolares?

*“Un niño debería empezar a leer porque desea leer; porque vivió la experiencia fascinante de la escucha de la lectura de libros que un adulto le regaló a lo largo de días y días”*. Francisco Tonucci



## Referencias bibliográficas

- Area, M. e Marzal, M.A. (2016). Entre libros y pantallas. Las bibliotecas escolares ante el desafío digital. *Profesorado. Revista de currículum y formación del profesorado*. 20(1), 227-242.
- Barreiro, H. (1989). Lorenzo Luzuriaga y el movimiento de la Escuela Única en España. De la renovación educativa al exilio. 1913-1959. *Revista de Educación*, 289, 7-48.
- Bernal, F.J. (1990). Javier Lasso de la Vega autor de la Biblioteca y el niño, *Hechos y contextos: en primera persona*. Recuperado de [http://qredos.usal.es/jspui/bitstream/10366/113496/1/EB02\\_N011\\_P24-25.pdf](http://qredos.usal.es/jspui/bitstream/10366/113496/1/EB02_N011_P24-25.pdf)
- Camacho Espinosa, J.A. (2004). *La biblioteca escolar en España: pasado, presente... y un modelo para el futuro*. Madrid: Ediciones de la Torre.
- Canes Garrido, F. (1993). Las misiones pedagógicas: educación y tiempo libre en la Segunda República. *Revista Complutense de Educación*, 4, 147-168.
- Comunidad Baratz (2016, xuño, 7). Usos, motivos y beneficios de las bibliotecas para la sociedad. Recuperado de <http://www.comunidadbaratz.com/blog/usos-motivos-y-beneficios-de-las-bibliotecas-para-la-sociedad/>
- Cotelo Guerra, M<sup>a</sup>.D.; Iglesias Salvado, J.L. e Serrantes Pazos, A. (Septiembre, 2012), Aproximación histórica a las iniciativas legislativas en España a favor de las bibliotecas escolares S.XIX-XXI. *Congreso Iberoamericano de las Lenguas en la Educación y en la Cultura*, Salamanca.
- De La Cruz Solís, A. (2008). Bibliotecas y educación básica: los inicios de una relación imprescindible. *Revista de Documentación de las Ciencias de la Información*, 31, 129-160.
- De Los Reyes Gómez, F. (2005). Segovia y los orígenes de la imprenta española. *Revista General de Información y Documentación*, 1, 123-148.
- Decreto de 7 de agosto de 1931 en *Gaceta de Madrid*, nº 220, de 8 de agosto de 1931, p. 1.064.
- Durban Roca, G. (2010) *La biblioteca escolar, hoy. Un recurso estratégico para el centro*. Barcelona: Editorial GRAÓ
- Escolar, H. (1985). *Historia de las bibliotecas*. Madrid: Edicións Pirámide.
- Escolar, H. (1993). *Historia universal del libro*. Madrid: Edicións Pirámide.

Gómez Hernández, J.A. (1993). La preocupación por la lectura pública en España: las bibliotecas "populares". De las Cortes de Cádiz al plan de bibliotecas de María Moliner. *Revista General de Información y Documentación*, 3, 55-94.

Gutenberg, el padre de la imprenta. National Geographic. Recuperado de <http://goo.gl/Bc4i12>

Historia del libro (II): Las bibliotecas en Grecia y Roma. Recuperado de <http://goo.gl/wVdi3T>

IFLA/UNESCO (1999). Manifiesto IFLA/UNESCO de la Biblioteca Escolar. Ottawa. National Library of Canada. Recuperado de <http://goo.gl/QCXF56>

IFLA/UNESCO (2001). Directrices IFLA/UNESCO para el desarrollo del servicio de bibliotecas públicas. Recuperado de <http://goo.gl/fpVy8z>

Lei 14/1989 do 11 de Outubro (DOG, 24 de Outubro), [http://www.boe.es/diario\\_boe/txt.php?id=BOE-A-1990-3359](http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-1990-3359)

López Martín, R. (1994). *Ideología y educación en la dictadura de Primo de Rivera: Escuelas y maestros*. Valencia: Universitat de Valencia.

Maestros y estudiantes en la Edad Media. El nacimiento de la Universidad. National Geographic. Recuperado de <http://goo.gl/p9oeww>

Marín Ibáñez, R. (1976). Los ideales de la Escuela Nueva. *Revista de Educación*, 242, 23-42.

Martín Zorraquino, M.A. (2010). María Moliner y su contribución a la lectura pública en España. *Revista CEE Participación Educativa*, nº extraordinario 1, 127-142.

Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Centro de Documentación del Libro, la Lectura y las Letras. Recuperado de <http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/areas-cultura/libro/mc/centrodoc/informacion-general.html>

Murray, S.A.P. (2014). *Bibliotecas: una historia ilustrada*. Madrid: Editorial La Esfera.

National Geographoc. La biblioteca de Alejandría. Recuperado de [http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/la-biblioteca-de-alejandria\\_8593](http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/la-biblioteca-de-alejandria_8593)

Orde de 29 de junio de 1994, por la que se aprueban las instrucciones que regulan la organización y funcionamiento de las escuelas de educación infantil y de los

colegios de educación primaria [BOE núm. 160, miércoles 6 de julio de 1994, pp. 21.589-21.590].

San Segundo Manuel, R. (2000) La actividad bibliotecaria durante la Segunda República Española, Primer congreso universitario de Ciencias de la Documentación, *Revista UCM, nº 10, 515-524*

Torres, M. (2001). *La historia del libro a través de las colecciones de la Universidad Complutense: exposición permanente de la Biblioteca Histórica*. Madrid: La Biblioteca.